

GALICIA 2021



**Memoria sobre a situación  
económica e social**

## **GALICIA 2021 • Memoria sobre a situación económica e social**

©Consello Económico e Social de Galicia

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Este documento pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)

*A información que se inclúe nos documentos do CES-Galicia, citando fontes a autores, reproducése exclusivamente para fins de investigación.*

Depósito legal: C-2010-2019

O Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, ten asignada, entre outras, a función de elaborar e remitir anualmente ao Consello da Xunta, a través da Consellería de Facenda, unha Memoria sobre a situación económica e social de Galicia, incluíndo, se é o caso, recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria da Comunidade Autónoma.

O Regulamento de Réxime Interno do Consello, co obxecto de dar cumprimento ás devanditas previsións legais, concede a condición de comisión sectorial permanente á Comisión sectorial nº 4, da *Memoria anual sobre a situación socioeconómica de Galicia*.

Logo de seis sesións de traballo, co apoio do Gabinete Técnico e do Centro de Documentación do Consello, a comisión elaborou a súa proposta de Memoria coas súas correspondentes *Consideracións*.

A proposta de Memoria elaborada pola dita comisión sectorial foi tramitada pola Comisión Permanente deste organismo na súa sesión 12/22, do 20 de xullo.

De acordo coa normativa antedita, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobou por unanimidade, na súa sesión 3/22, do 22 de xullo, a presente **Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2021**.



# ÍNDICE

<b>C.- Consideracións</b>	<b>7</b>
<b>1.- Panorama económico</b>	<b>23</b>
1.1.- Contexto económico xeral	
1.2.- Indicadores macroeconómicos de Galicia	
1.3.- Evolución demográfica	
<b>2.- Mercado de traballo e relacións laborais</b>	<b>89</b>
2.1.- Actividade, ocupación e emprego	
2.2.- Custos e salarios	
2.3.- Relacións laborais e formación	
<b>3.- Dinamismo do tecido produtivo</b>	<b>157</b>
3.1.- Estrutura produtiva	
3.2.- Demografía empresarial	
3.3.- Sector exterior	
<b>4.- Calidade de vida e benestar social</b>	<b>249</b>
4.1.- Saúde	
4.2.- Pobreza e cohesión social	
4.3.- Cobertura social	
4.4.- Medio ambiente e desenvolvemento sostible	
4.5.- Ocio e cultura	
<b>5.- Recursos e capacidades para o desenvolvemento</b>	<b>339</b>
5.1.- Formación e capital humano	
5.2.- Investigación e tecnoloxía	



# CC

## CONSIDERACIONES





## 1. Panorama económico

---

**1.-** O CES quere pór en valor os esforzos realizados por tódolos axentes económicos e sociais que tiveron como resultado a reactivación da actividade económica tras unha contracción sen precedentes motivada pola covid-19. A senda do crecemento iniciada no segundo trimestre de 2021 debe servir para seguir avanzando na transformación cara un modelo produtivo máis dixital e sostible, que permita facer fronte aos diversos retos que se presentan.

**2.-** O CES manifesta a súa preocupación polas dificultades que está xerando o incremento dos prezos enerxéticos e os problemas na cadea de subministros na actividade produtiva, que están a repercutir intensamente no desenvolvemento da actividade empresarial e poderían lastrar a recuperación da economía. Neste senso, o CES considera necesario ter en conta estas circunstancias na definición do modelo produtivo.

**3.-** Desde o CES instamos aos poderes públicos que, aproveitando os fondos europeos para a reconstrución, aposten por unha política económica que facilite un crecemento económico duradeiro e sostible, que favoreza a transición ecolóxica e dixital, a cohesión territorial e a igualdade de xénero.

**4.-** O CES considera esencial axilizar a xestión dos devanditos fondos europeos. A demora na chegada destes fondos á economía galega está repercutindo na recuperación do tecido empresarial.

**5.-** A perda de poboación e o envellecemento da mesma é un dos problemas máis graves que padece Galicia. O CES, un ano máis, insiste na necesidade de implantar medidas para frear esta situación e que permitan conciliar familia e traballo, que incrementen a natalidade, que favorezan o retorno de emigrantes e que eviten a emigración por falta de oportunidades.

**6.-** En opinión do CES, o despoboamento constante do entorno rural fai preciso artellar mecanismos que impulsen o establecemento de actividades empresariais transformadoras e sostibles, que permitan unha crecente recuperación do rural facendo posible que as persoas poidan elixir o seu entorno de traballo.

7.- O panorama económico da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal indica que o emprego do sector industrial está a presentar unha gran relevancia na zona Norte de Portugal en comparación con Galicia, o que fai preciso que se establezan nesta comunidade as condicións favorables para reter e atraer proxectos xeradores de emprego de calidade.

8.- Galicia retrocede de posición no *ranking* das CC.AA. segundo o Índice de Competitividade Rexional, polo que o CES considera que debe dar un xiro na tendencia actual e seguir avanzando como en anos anteriores, mediante os mecanismos necesarios tales como infraestruturas básicas, eficiencia e innovación.

9.- O maior impacto da crise económica orixinada pola pandemia na economía española e galega en relación á da UE provoca un retroceso no proceso de converxencia, polo que o CES considera necesario que se tomen medidas dirixidas a revertir esta tendencia.

...

## 2. Mercado de traballo

---

**10.-** O CES quere incidir na necesidade de impulsar medidas dirixidas á creación de emprego tendo en conta o inicio da reactivación económica, sendo prioritarios os colectivos e sectores máis afectados pola crise sanitaria e a través dun crecemento máis inclusivo, xusto e integrador da actividade económica.

**11.-** A carencia de compoñentes, de materias primas, xunto co encarecemento de prezos enerxéticos e de máis produtos son circunstancias que urxen para levar a cabo a potenciación do emprego nas ramas de actividade ligadas a un modelo máis sostible dende o punto de vista medioambiental e que sirva, ao mesmo tempo, para completar as fases dos ciclos produtivos.

**12.-** O CES considera que a economía circular é unha alternativa fundamental de creación de emprego por ser respectuosa co medio ambiente e loitar contra o cambio climático, permitindo avanzar cara sectores industriais e de servizos sostibles e innovadores ao crear empregos verdes e de calidade e garantir unha transición xusta. Débese garantir formación e recualificación das persoas traballadoras neste ámbito.

**13.-** O CES considera que os fondos europeos dotados para o presente período, e en concreto os Fondos *Next Generation*, supoñen unha excelente opción de financiamento que é preciso aproveitar coa maior eficiencia posible e asocialos cos proxectos máis xeradores de empregos de calidade.

**14.-** Dende o punto de vista enerxético, é preciso que os cambios que se produzan sexan mediante unha transición xusta, anticipando os novos proxectos aos posibles peches, evitando así a perda de emprego.

**15.-** A cifra de poboación activa aumenta en 2021 con respecto ao ano anterior, pero é inferior á do ano 2019, manténdose a taxa de actividade galega no penúltimo posto entre todas as Comunidades Autónomas. O CES considera que aumentar a taxa de actividade é un obxectivo irrenunciabile e que se deben de levar a cabo accións necesarias para alcanzalo, e especialmente concentradas nos tramos de menor idade.

**16.-** O CES manifesta a súa preocupación pola perda de poboación activa e o envellecemento da mesma, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense, e insta aos poderes públicos a implementar medidas que freen esta tendencia.

**17.-** A estrutura da pirámide de poboación de Galicia, cada vez máis ampla nos tramos de maior idade, é en parte responsable do incremento da taxa de actividade experimentada en 2021. É imprescindible unha profunda análise deste aspecto á hora de elaborar políticas destinadas á mellora do emprego.

**18.-** O CES considera necesario incidir en medidas que estimulen e melloren a empregabilidade en xeral, e en especial da mocidade e dos colectivos máis vulnerables. No caso das persoas mozas é especialmente preocupante a perda de activos na franxa de idade entre 16 e 24 anos, o que ven explicado pola caída de 1.400 mulleres activas.

**19.-** A recuperación económica trasladouse ao mercado de emprego tamén no aumento da poboación ocupada. É preciso atender ao dispar comportamento segundo os sectores e as ramas de actividade e seguir implementando as medidas necesarias para protexer a aquelas que sufriron o maior impacto da pandemia.

**20.-** O sector industrial está sufrindo en maior medida os efectos da última crise en termos de emprego, polo que, dende o CES, instamos aos poderes públicos a impulsar unha política industrial que teña en conta os novos condicionantes e free a forte caída do emprego no sector.

**21.-** O incremento do traballo asalariado atípico así como das novas formas de traballo non salarial (entre outros, os vinculados ás plataformas dixitais), na maioría dos casos involuntario, son motivo de preocupación para o CES. Esta realidade debe levar aos poderes públicos a avaliar a situación e adoptar medidas que promovan unha mellora das condicións das persoas traballadoras.

**22.-** A profunda recesión económica vivida fai necesario seguir impulsando medidas de apoio específicas que contribúan á protección dos nosos autónomos, empresas e persoas traballadoras. Os autónomos precisan de apoios na súa loita pola continuidade da súa actividade; as empresas, de incentivos que lles permitan manter a súa actividade e o emprego; e as persoas traballadoras, estar protexidas nesta situación de especial vulnerabilidade. É destacable que aínda que se reverte a tendencia descendente da afiliación no réxime de autónomos, as afiliacións medran moito máis na media do Estado que en Galicia.

**23.-** Malia á maior intensidade da creación de emprego e incremento da poboación activa no caso das mulleres que nos homes, o CES insta a seguir velando pola mellora da igualdade, pois aínda se mantén que unha ampla maioría das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia en 2021 son mulleres, e tanto en Galicia como no Estado o ingreso salarial medio bruto das mulleres é sensiblemente inferior ao dos homes.

**24.-** A brecha dixital pode converterse nun factor de desigualdade laboral, polo que desde o CES instamos ás administracións a implantar un modelo efectivo de ensinanza e aprendizaxe destas disciplinas e garantir o acceso ás infraestruturas necesarias en todo o territorio.

**25.-** As desigualdades existentes entre as persoas traballadoras están a incrementarse fortemente, polo que desde o CES demandamos un crecemento económico máis inclusivo.

**26.-** Para o CES é necesario acelerar e intensificar os esforzos no ámbito das políticas de igualdade entre homes e mulleres co fin de reducir a brecha de xénero existente.

**27.-** O CES considera necesario potenciar a corresponsabilidade máis alá do ámbito individual, implicando ás administracións públicas, empresas e a sociedade en xeral para crear ambientes máis favorables e unha distribución máis xusta dos traballos e dos coidados.

**28.-** Ante a perda da calidade do emprego, reflectida no aumento da temporalidade e da parcialidade das persoas asalariadas no ano 2021, o CES considera necesario que se tomen as medidas oportunas para acadar unha maior suficiencia de rendas e unha maior estabilidade tanto no ámbito privado como, especialmente, no público.

**29.-** Se ben o incremento do índice de incidencia na sinistralidade laboral ten relación coa recuperación da actividade económica no 2021, deben fortalecerse as medidas preventivas necesarias para revertir e mellorar as cifras neste eido.

**30.-** O CES insiste na importancia de apostar por unha formación dinámica e de calidade que favoreza unha aprendizaxe e actualización ao longo da vida das persoas traballadoras e dos desempregados e que permita atender aos desaxustes na demanda de emprego, que se verán acentuados ante os desafíos dixitais e tecnolóxicos e os compromisos medioambientais das empresas, e o envellecemento da poboación.

**31.-** Dada a perda do poder adquisitivo das persoas traballadoras, o CES quere resaltar a necesidade de introducir mecanismos consensuados para revertir esta situación.

...

### 3. Dinamismo do tecido produtivo

---

**31.-** O CES quere alertar que non todos os sectores se comportaron igual, pois fronte ao maior dinamismo do sector servizos e da industria, contráese a actividade produtiva no caso da construción e do sector primario. Malia isto, haberá que estar especialmente atentos á evolución daquelas ramas de actividade que sufriron o maior impacto da crise para establecer medidas que palíen a súa situación.

**32.-** En opinión do CES, a devandita situación debe poñerse en relación co contexto de incerteza por mor do incremento dos custos enerxéticos e de prezos dos produtos básicos, agravada pola invasión de Ucraína por Rusia, e as perturbacións de transporte e das cadeas loxísticas por mor da pandemia da covid ou o bloqueo do Canal de Suez, entre outros.

**33.-** O CES considera necesario avanzar no obxectivo de acadar un crecemento sostible en sentido amplo, tanto dende o punto de vista económico, social como ambiental, e, asemade, acelerar a transición ecolóxica.

**34.-** En pleno proceso de transición dixital, ao CES preocúpalle que Galicia poida quedar rezagada neste proceso e que se agraven as fendas dixitais existentes (de xénero, idade, territorio...), polo que insta aos gobernos a desenvolver estratexias que permitan adaptarse ao cambio.

**35.-** O desabastecemento de diversas materias primas en determinados momentos ao longo do ano prexudicou fortemente a algunhas actividades en particular e a recuperación económica en xeral, polo que desde o CES instamos aos poderes públicos a potenciar o tecido produtivo cara a reducir a dependencia exterior na medida do posible.

**36.-** Nestes tempos de maior sensibilización da sociedade coas necesidades medioambientais, o CES considera inaprazable o impulso decidido a unha I+D+i que contribúa a que se acaden procesos produtivos sostibles, que melloren a competitividade das empresas, a conservación da biodiversidade e a saúde das persoas.

**37.-** O CES resalta o enorme potencial da economía circular e o papel clave tanto das empresas como da cidadanía ante os novos retos ambientais aos que hai que facer fronte. Neste senso, insta aos poderes públicos a impulsar

as actividades formativas necesarias para garantir unha transición xusta cara a economía verde e a identificar os novos empregos relacionados coa economía circular.

#### • Sector primario

**38.-** O sector primario, tanto na vertente agraria como pesqueira, constitúe para o CES un sector clave por múltiples factores (importante xeración de emprego, favorece a sustentabilidade do medio ambiente, subministra produtos esenciais...) polo que é preciso realizar accións de apoio ao sector dirixidas ao mantemento de emprego e ao relevo xeracional.

**39.-** O CES quere pór de manifesto unha vez máis a importancia deste sector como elemento imprescindible para outras actividades esenciais, así como factor chave para tentar reducir os procesos de despoboamento no rural. Os poderes públicos deben facer todos os esforzos necesarios para velar pola continuidade e o fortalecemento dun sector de vital importancia para Galicia.

**40.-** O CES manifesta a súa preocupación pola perda continuada de persoas ocupadas no sector agrario e insta aos poderes públicos a poñer en marcha medidas que fagan atractiva a incorporación de persoas á actividade agraria.

**41.-** O CES reclama ao goberno unha política eficaz de mobilidade de terras dirixida a incrementar a superficie agraria útil, especialmente para cultivos forraxeiros, que contribúan a reducir a dependencia do noso sector gandeiro de insumos do exterior.

**42.-** O CES insta á Administración a que actúe no control da cadea alimentaria para que os prezos en orixe dos produtos agrogandeiros garantan a viabilidade das explotacións e a continuidade dun sector estratéxico para o noso territorio.

**43.-** O CES insiste unha vez máis en pedir aos gobernos apoio para os agricultores e gandeiros, máxime nun momento onde os prezos dalgúns insumos están mermando fortemente as marxes de explotación.

#### • Sector industrial

**44.-** O CES considera que o sector industrial constitúe unha peza clave no tránsito a un modelo máis sostible, abríndose neste momento amplas posibilidades financeiras e de diversificación de actividades que é preciso aproveitar, establecendo medidas específicas fundamentalmente destinadas a completar ciclos produtivos, a diversificación do sector, a extracción e transformación de novos minerais...

**45.-** O CES considera necesario impulsar medidas que favorezan a reindustrialización de Galicia, como sector chave no noso crecemento económico e motor da creación de emprego de calidade, tendo en conta os importantes cambios e retos aos que se enfronta este sector (transición enerxética, economía circular, robótica e dixitalización, entre outros) e a oportunidade que supón o novo financiamento europeo.

**46.-** Os problemas de abastecemento viñeron lastrar a recuperación do sector industrial, polo que o CES considera necesario impulsar a industria local como motor económico e actividade tractora doutros sectores auxiliares, incidindo na creación de emprego de calidade.

**47.-** Os elevados prezos da enerxía están dificultando a actividade de numerosas empresas e empobrecendo ás familias. Nunha economía coma a galega, exportadora de enerxía, coidamos necesario implantar medidas que abaraten o prezo da electricidade tanto para particulares como para a industria.

**48.-** En opinión do CES, a forte dependencia enerxética da Unión Europea en xeral fai imprescindible o impulso definitivo ás diversas fontes de enerxía renovable que favorezan o coidado do medio ambiente, a rendibilidade das empresas e a xeración de empregos verdes.

• **Sector servizos**

**49.-** O sistema financeiro mantivo, un ano máis, o proceso de axuste da súa capacidade, coa conseguinte redución de oficinas e empregos. Este persistente descenso de oficinas do sector bancario está a producir desaxustes na atención aos usuarios das entidades financeiras, especialmente no medio rural, contribuíndo así ao seu despoamento, e nas persoas maiores, que e preciso solventar para superar esa fenda.

**50.-** O CES quere destacar a importancia das actividades vinculadas ao turismo, así como a necesidade de fortalecer e profesionalizar o sector e apostar por un turismo de calidade e respectuoso co medio ambiente, de maneira que se podan mellorar as cifras que se viñan obtendo con anterioridade á crise.

• **Sector empresarial**

**51.-** O CES amosa a súa preocupación polo feito de que o número de empresas estea por baixo do nivel previo á crise financeira de 2008, polo que considera necesario promover e reforzar aquelas medidas que favorezan o emprendemento e a creación de empresas co obxectivo de revertir a situación e voltar a datos previos á crise financeira.

**52.-** O CES quere remarcar a necesidade de poñer en marcha os mecanismos necesarios para que os Fondos Europeos cheguen con axilidade aos proxectos e iniciativas empresariais, tendo en conta que eses fondos constitúen unha oportunidade única para reactivar a actividade económica e dotar de maior competitividade ao tecido produtivo ante os importantes cambios que supón a transición enerxética e a dixitalización.

...



## 4. Calidade de vida e benestar social

---

**53.-** Unha vez máis, o CES quere pór en valor o esforzo realizado polo persoal sanitario desde o inicio da pandemia e nas distintas vagas que se viñeron sucedendo. É imprescindible seguir dotando ao sistema dos recursos necesarios para garantir a máxima calidade na atención recibida polas persoas usuarias en todo o territorio.

**54.-** Os últimos orzamentos afondan no deterioro dos recursos da atención primaria, caracterizada pola perda de peso dentro do total sanitario dende a crise do ano 2008. Esta situación está agravada por un contexto de envellecemento da poboación. Dadas as importantes carencias detectadas nos últimos anos, o CES considera que é fundamental, para revertir esta tendencia, dotar a atención primaria de recursos, tanto de persoal como materiais, suficientes.

**55.-** O CES recoñece a importancia da atención primaria e demanda ao Goberno que a dote de recursos suficientes para atender adecuadamente á poboación, especialmente nas zonas rurais, onde o envellecemento da poboación e a distancia dificultan a asistencia a centros hospitalarios.

**56.-** O CES manifesta a súa preocupación polo problema de saúde pública que pode supor a falta de coñecementos e acceso dixital das persoas maiores en Galicia.

**57.-** A saúde mental ocupa para o CES unha prioridade de primeira magnitude e constata un empeoramento da mesma no contexto pandémico, así como unha afectación cada vez maior na poboación máis nova. Neste senso, urxe a poñer freo a esta situación realizando unha maior dotación de recursos ao sistema que permitan un cambio na tendencia.

**58.-** As cifras das listas de espera seguen a amosar un problema estrutural aínda por resolver. O CES insta aos poderes públicos a tomar as medidas necesarias que contribúan a revertir esta tendencia.

**59.-** O CES considera que a investigación sanitaria é imprescindible para avanzar no coidado da saúde e na mellora da calidade dos servizos sanitarios, polo que é indispensable apostar por un avance da medicina que proporcione novo coñecemento, desenvolvemento de novos fármacos e novas tecnoloxías que permitirán avanzar cara unha medicina personalizada e cada vez máis preventiva.

**60.-** Para o CES segue a ser unha prioridade pór en marcha tódolos mecanismos necesarios para promover uns hábitos de vida saudables, un envellecemento activo da poboación, así como establecer un sistema de coidados profesional e accesible a tódalas persoas.

**61.-** Os últimos datos sobre pobreza, nun contexto de pandemia, mostran un aumento dos fogares en risco de pobreza ou exclusión social, cifras especialmente elevadas en fogares integrados por un adulto con nenos e mozos, situación que se está agravando na actualidade pola escalada de prezos de produtos esenciais, polo que o CES considera urxente adoptar accións dirixidas a cambiar esta tendencia.

**62.-** Dado o elevado número de familias sen perceptores de ingresos que persisten en Galicia, dende o CES manifestamos a necesidade de achegar ás familias as axudas existentes e artellar medidas que contribúan a cambiar esta situación.

**63.-** Os elevados prezos enerxéticos están minguando o poder adquisitivo das familias, afectando especialmente as máis vulnerables economicamente, polo que, desde o CES, instamos aos poderes públicos a aplicar medidas para atallar este problema, e, asemade, axudar a estas familias a paliar esta situación.

**64.-** Os prazos para as resolucións ante as solicitudes de dependencia son para o CES inadmisibles. Os poderes públicos deben tomar as medidas necesarias para non deixar sen cobertura ás persoas en situación de dependencia.

**65.-** O CES manifesta a súa preocupación pola elevada duración media das baixas por enfermidades comúns, case o dobre que na media do Estado, polo que solicita un estudo das súas causas e a aplicación de medidas para reduci-lo.

**66.-** A violencia de xénero continúa sendo un grave problema social, e os medios existentes para a prevención e a protección ás vítimas ou non son suficientes ou non son adecuados, polo que dende o CES instamos aos poderes públicos a profundar nesta problemática.

**67.-** O CES alerta do incremento dos danos ocasionados pola fauna salvaxe e insta ao Goberno a que tome conciencia da necesidade de xestionar esa poboación, a fin de garantir a súa convivencia coa actividade agrícola e gandeira e de evitar danos persoais e materiais.

**68.-** A protección do medio ambiente e a loita contra o cambio climático seguen a ser obxectivos prioritarios para o CES. A concienciación da poboación no uso eficiente dos recursos e o apoio para a implantación dun sistema baseado nas enerxías limpas, serán aspectos fundamentais para acadar estes obxectivos.

...

## 5. Recursos e capacidades para o desenvolvemento

---

**69.-** As taxas de actividade e desemprego por niveis de formación na poboación con menor nivel educativo fan necesario seguir apostando por diminuír o abandono educativo temperá e poder así avanzar na construción dunha sociedade máis igualitaria.

**70.-** Ante o aumento do número de familias con dificultades económicas, dende o CES reclamamos un maior esforzo público en becas para un ensino máis inclusivo.

**71.-** O CES amosa a súa preocupación polo continuo descenso de unidades en funcionamento e de centros docentes no medio rural. A perda de recursos educativos e a escasa oferta formativa son unha das causas de que as familias abandonen o medio rural e que non se atraia poboación nova, agravando así o despoboamento e o envellecemento destas áreas. Por iso, é preciso que o goberno galego protexa especialmente os recursos formativos no medio rural.

**72.-** Acadar unha correcta e áxil adecuación da formación e das necesidades dos diferentes sectores é, en opinión do CES, un elemento fundamental para mellorar a empregabilidade nun contexto de profunda transformación do tecido produtivo.

**73.-** O avance tecnolóxico e industrial son claves para una transición sostible e precisarán de empregos procedentes das formación nas STEM. Ante o aumento na procura destes profesionais, o CES quere alertar da importancia de establecer medidas para atraer aos estudantes cara estas formacións científicas e tecnolóxicas.

**74.-** O CES considera imprescindible achegar ás pemes a integración da sostenibilidade, facilitando ferramentas, coñecemento e incentivos, de forma que xeren unha maior concienciación e permitan avanzar cara modelos de negocio sostibles.

**75.-** Os estereotipos de xénero observados na distribución das titulacións de formación profesional e estudos universitarios seguen a ser unha preocupación para o CES. Neste senso, considérase necesario impulsar a diversidade no mundo académico e apoiar o desenvolvemento de mulleres en profesións claves no ámbito das ciencias para facer máis inclusiva a transformación dixital que estamos vivindo.

**76.-** Un ano máis, desde o CES instamos aos poderes públicos a velar pola formación dixital en sentido amplo, para que non se converta nunha nova fenda.

**77.-** O esforzo investidor mantense por baixo dos niveis da media europea e do obxectivo do Plan Estratégico de Galicia, polo que o CES considera necesario un maior impulso do gasto en I+D para converxer coa media europea.

**78.-** A evolución do índice rexional de innovación presenta un desigual comportamento atendendo aos distintos indicadores, polo que o CES considera que se debe de actuar especialmente sobre aqueles que experimentan un maior retroceso co fin de cambiar a tendencia.

**79.-** O CES considera fundamental a colaboración público-privada nas actividades de I+D, para contribuír ao fortalecemento do noso tecido produtivo e á xeración de emprego.

**80.-** O descenso do número de persoas empregadas nas actividades de I+D no último ano fai necesaria unha aposta decidida de apoio á contratación e mantemento das condicións no emprego con garantía de calidade de persoal dedicado a I+D.





